

Xogaina 9

Edición dixital



Os currantes:



Profes:

Almudena Blanco
Anabel Novo
Clara Rodríguez
Teresa Crende
Belén López
Dolores Baleato
Germán Pérez
Fátima Miguéns
Concha Leal
Adolfo Barcia

Diseño e enmaquetación:

María Jesús Rodríguez

Coa colaboración especial de :


Maite Sobradelo Creo

Alumnos e alumnas de Secundaria:

Lorena García
Lucía Saavedra
David Vergés
Alex Casal
Christian González
Lara Veiga
D. Paradela
Iván González
Manuel Ces
Iria González
Jorge Leite
Alumnos/as de 1 ESO
Alumnos/as de 2 ESO A
Alumnos/as 3 ESO Sección Bilingüe
Alumnos/as de 3 PDC
Alumnos/as de 4 PDC

Alumnos e alumnas de Infantil e Primaria:

Brais dela Iglesia
Eva Seijas
Eva Gómez
Alumnos/as de Infantil D
Alumnos/as de 6 B





Editorial

Gloria amaba os libros.

Cando a biblioteca convocou un concurso no que había que dar o título de 10 libros dos que só se dispoñía das súas primeiras liñas, Gloria dixo "Este vouno gañar fixo". Na primeira lectura recoñeceu xa algúns deles por telos ela lido, outros se lle resistiron un pouco máis; pero, teimuda e metódica, comezou a sacar libro por libro dos andeis ata dar cos títulos que lle faltaban. Obviamente gañou o concurso porque foi a única en citar todos os títulos correctamente.

Pasaba moitos recreos na biblioteca, lendo ou atendendo ó préstamo, sabía onde estaban os libros e axudábanos a colocalos, a forralos e a amañar os que se estragaban.

Os libros amaban a Gloria.

Nos tamén.

Índice



Primeira Parte:

O magosto.....	3
Festival de Nadal.....	5
30 de xaneiro: Día da Paz.....	7
Entroido en Lousame.....	8
Cultura xigantesca.....	10
Excursión de fin de curso a Barcelona.....	11
17 de Marzo: Día das Letras Galegas.....	12
Gruffalo.....	13
Visita a Ourense co "Proxecto Terra".....	14
Lampo Poético.....	15
Opinión.....	16

Segunda parte:

Noite de Samaín.....	17
Mateo e os monstros.....	19
Historias de Samaín.....	20
Truco ou trato.....	21
Sobre guerra e paz.....	23
Historia das Minas de San Finx.....	24
Roteriro por Monforte de Lemos.....	31
Celso F. Sanmartín pecha un ano de lecturas.....	32
Nacho Mirás fálanos do futuro do periodismo.....	32

Terceira Parte:

A filla do fidalgo.....	33
Qmonstres!.....	36
Le coin du français.....	37
Creando "ouro" no laboratorio do colexio.....	39
Natureza...Natureza!.....	40
O colexio en tempos dos avós.....	41
Another word is possible.....	44
Refuganimais.....	45
Recensión de "Os vellos non deben namorarse".....	46

Cuarta Parte:

Polígonos estrelados 1 ESO	47
Puntos e liñas 1 ESO	48
Redes modulares 1 e 3 ESO	49
Liñas branco e negro 3 ESO	50
Liñas e puntos color 3 ESO	51
Puntos e planos color 3 ESO	52
Reinterpretando a Picasso 3 ESO	54
Publicidade 4 ESO	55
Estudio de mans e tronco 4 ESO	56
Poemas visuais 4 ESO	57

O Magosto



Un ano máis tivemos a ocasión de celebrar o magosto. Por iso decoramos o noso cole cunha mostra dos produtos típicos destas datas. Tamén deixamos correr a nosa imaxinación dándolle vida a unha nova xeración de castañas; todas moi divertidas, como podedes ver...



ESTAS NON AS IMOS COMER!!!



ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS



Recordades que ía moi mal tempo? ... Pois marchamos ó pavillón a comer as castañas; estas si que eran de verdade e moi ricas...



O Concello de Lousame tróuxonos un mago.
Foi un magosto moi completo!!!

X
O
G
A
I
N
A

4

Festival de Nadal



ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS



X
O
G
A
I
N
A

6

30 de xaneiro: Día da Paz



Entroido en Lousame



ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS



X
O
G
A
I
N
A

Cultura xigantesca!



O mércores, día 25 de maio, o terceiro ciclo de primaria, do Colexio CPI Cernadas de Castro fomos de viaxe á Cidade da Cultura.

Unha guía explicounos que o arquitecto Peter Eisenman fixera todo agás as torres. A Cidade da Cultura é unha estrutura que simula a topografía do monte Gaiás e a forma do casco vello de Santiago.



Hai dous edificios acabados e inaugurados. Un é o arquivo e outro a biblioteca. Outros dous edificios xa os van inaugurar axiña. Os dous últimos están parados debido á crise. O edificio máis grandioso será o Auditorio, con máis de 55 mil metros cadrados. Os edificios están recubertos de cuarcita: primeiro viña dunha mina de Muras, Lugo, pero logo acabou e trouxérona de

Brasil.

As dúas torres están en liña recta coa catedral. Dentro están as maquetas de toda a Cidade da Cultura e hai dous edificios partidos para poder velos por dentro.

A viaxe foi moi divertida e interesante. Atopamos o conxunto moi innovador pero a algúns pareceunos demasiado custoso.

Alumnos e alumnas de 6B de primaria.



Excursión de fin de curso a Barcelona



O sábado día 26 de marzo os alumnos de 4º de ESO emprendemos a nosa viaxe de fin de curso rumbo ás terras catalás. Polo camiño visitamos varios lugares pintorescos. Entre eles, Soria (o primeiro día) e Nuévalos (o segundo) onde demos un fermoso paseo polo Mosteiro de Pedra disfrutando da cascada e da piscifactoría.

O terceiro día foi no que de verdade visitamos Barcelona. Foi un día moi completo no que tivemos que andar moito, pois fomos á Sagrada Familia, ó Parque Güell, á Rambla, ó porto e ó barrio gótico. Na propia Cataluña tamén visitamos o zoo e o Camp Nou.

Na nosa ruta houbo tempo para un día completo libre en Salou, cousa que nos gustou moito, todo hai que dicilo; tivemos a sorte de que o hotel estaba preto da praia, que tiña unha fermosa pasarela para dar un paseo e sentir a brisa do Mediterráneo. O día libre pola mañá estivemos na piscina do hotel e, contra a noite, na praia.

Outros lugares que tamén visitamos foron Covarrubias, Hoces de Yecla e Burgos. A viaxe rematou en León, onde visitamos a catedral, e Astorga, onde compramos as últimas cousas.

Estes foron os lugares que visitamos, moitos se consideramos que estamos falando dunha semana. Na excursión pasámolo xenial. Gozamos moito e sobre todo interactuamos moito como grupo (tamén cos profesores, Juan e Fran, e co condutor).


Cómpre dicir que por veces facíanse pesadas tantas horas de autobús pero mirado polo lado bo foron horas de cine nas que aproveitamos e vimos moitas películas. Tamén durmimos...aínda que algúns non descansaron tranquilos, pois polo autobús pululaba un rotulador permanente disposto a deixar pegada naqueles que gozaban dunha soneca. En fin, ó final de todo non houbo ningún accidente grave, foi unha viaxe excepcional na que o pasamos moi ben, un dos motivos polos profesores que viñeron connosco: portáronse moi ben e se non fose por eles non iríamos de excursión. Por iso creo que falo en nome de todos cando lles dou as grazas a Juan e Fran.

Lorena García Becerra 4B ESO



ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

17 de maio: Día das letras galegas



Lois Pereiro

Naceu en Marfote de Lemos no ano 1958
A súa infancia pasou en Marfote con súa familia e con 17 anos se mudou a Madrid.
Estudou idiomas na Escola Oficial de Idiomas en Madrid. Aprendeu inglés, francés e alemán.

Logo comeza os estudos de licenciatura en Madrid.
AB, ademais de estudos idiomas, mestura en libros en actividades culturais de capital, como a realización concertos, promocións de películas.
Nesta época escriba moitos artigos galegos. Con eles e co seu colexio crearon e editaron en Madrid unha revista en galego "Ira".
Nesta época traballa moito para Europa, colaborando en tres publicacións, Gran Galaxia e Idelche.

No ano 1981 trabou en España un candidato galego (membro acompañante do resto do cartel) e que conseguiron o sufragamento galego (dentro de 60.000 persoas). Votaron de 700.000 votos. Lois Pereiro acabou por ser o único galego elixido.
Despóis de 15 anos de traballo comezou a traballar e traballar volviendo, fíxose en Galicia no ano 1996.

En Madrid publicou poemas en galego na revista Ira, por el mesmo editou con outros escritores galegos.
De volta en Galicia colabora en moitos colectivos culturais. "De amor e de ira" e tamén na revista "Lemos de Lemos", máis publicou 1 capítulo do libro "Lemos de Lemos" que serviu de modelo.
Tamén traballa esporadicamente en debates e programas de TV e tamén programas radiofónicos importantes.

Publicou varios libros de poemas "Poesía" e "Poesía última de amor e esperanza".
No ano 1997 editou "Poesía para todos (Ira)" e un libro sobre os galegos en Madrid, un libro poético publicado na revista Ira e o título en poemas "Madrid, proporción para lembrar a finais do século e todo histórico desde a súa historia cultural".

NIVEL
A media última volta en moitos traballos e así conseguindo participar moitos en moitos traballos de amor e ira e galego en colaboración de amor e galego con outros de amor e ira.

X
O
G
A
I
N
A

12

Gruffalo



O día 7 de xuño de 2011, o alumnado de cuarto de primaria recibimos con moito entusiasmo á contacontos Archana. Veunos contar un conto da editorial McMillan cuxo título é: GRUFFALO. Para nós esta era a primeira vez que escoitabamos unha contacontos nativa en lingua inglesa e ademais, na nosa biblioteca. Un agasallo que non queriamos rexeitar e tanto Susi como Paco, Gabriel e Carlos involucráronse en todo o proceso para poder facelo realidade. Grazas a todas e todos.



Nun primeiro momento, todos/as estabamos moi atentas/os e tentabamos lembrar o vocabulario estudado no primeiro trimestre.

Ao pouco, tivemos que facer memoria das partes do corpo do Gruffalo, e non vos podeades imaxinar como eran. Aquí tedes algunhas: "His eyes are orange", " His tongue is black", "His prickles are purple", etc.



Acto seguido, viñéronnos á memoria como o rato (the mouse), o pequeno protagonista ía asustando aos diferentes animais do bosque ("an owl, a fox and a snake") coa ameaza da existencia dunha criatura tebrosa; o Gruffalo.

Chegados a este punto, algúns de nós xa temiamos polos animais do bosque. Como un rato podía ser tan teimudo e controlador? Aínda non o sabedes, pois teredes que pesquisar no libro, nos libros están os grandes finais.

A.B.A.

Visita a Ourense co proxecto "Terra"



O día 3 de maio, os alumnos e alumnas de 3º ESO fomos a Ourense para coñecer a organización e a arquitectura da cidade.

Saimos do colexio ás 8 h. e, logo dunha pequena parada, reunímonos coas guías –Eva e Uxía–, na Estación de ferrocarril da cidade.

Comezamos a visita do casco histórico na Alameda, divididos en dous pequenos grupos. En primeiro lugar leváronnos ás fontes termais, que veñen da época romana e onde a auga estaba a 69º de temperatura. Ao lado,

inauguraron recentemente unha piscina termal exterior en plena cidade.

Logo paseamos pola zona vella observando os restos de arquitectura popular: casas feitas de palla, barro e madeira; grandes soportais para abrigarse da chuvia, ventás que abrían para fóra. Moitas delas aínda están en ruínas, pero outras están sendo restauradas. O Concello quere alugalas á xente menor de 35 anos, en contratos de 3 anos prorrogables, a fin de que a zona vella da cidade volva estar plétórica de vida. Tamén vimos algúns desastres urbanísticos, como grandes edificios modernos que rodeaban o núcleo da cidade formando unha muralla de formigón. Paramos nalgunhas construcións modernas pero en consonancia co contorno e en monumentos de grande importancia en Ourense, como a catedral.

De volta na alameda, subimos ao autobús e dirixímonos ao polígono industrial de Pereiro de Aguiar. Durante a viaxe observamos que a cidade estaba afundida e de aí as súas características climáticas e as augas quentes que posuía; tamén vimos as zonas residenciais e o campus universitario.

No polígono visitamos a fábrica Lonía Têxtil, que fabrica para as firmas Carolina Herrera e Purificación García. Seguimos todo o proceso de fabricación polas distintas naves: recollida de teas e control de calidade, creación de patróns e corte das teas, confección e montaxe de prendas e complementos (bolsos, cintos, logotipos...), planchado e empaquetado, almacenaxe e transporte. A esta altura estaban xa coa colección Outono-inverno do vindeiro ano. É a única fábrica de Carolina Herrera e desde aí envíanse prendas a México, Estados Unidos e moitos lugares do mundo.

Á saída do polígono e de volta á cidade, reparamos en tódalas Pontes da cidade: a ponte vella, a ponte nova, a do Milenio...

Rematada a actividade, dirixímonos ás termas da Chavasqueira, onde comemos e gozamos das augas quentes, frías e temperadas.

A viaxe resultou moi interesante: coñecemos a cidade, aprendemos moitas cousas e divertímonos.

(Alumnos de 3º PDC)

Lampo Poético

POEMA COLECTIVO DA AULA DE 2º A

Cara a finais do terceiro trimestre lemos o libro de Ana M^a Fernández, *Amar e outros verbos*. Ao finalizar, decidimos que cada alumno fixera o seu propio poema a partir dun verbo que previamente elixiran; mais tamén nos decidimos a realizar un poema colectivo. Despois de debater e someter a votación a escolla do verbo, saíu por fin QUERER. A partir de aquí cada alumno trouxo dous versos sobre o que lle suxería a acción de "Querer". O resultado do noso poema colectivo tédelo aquí:

QUERER

Querer: a forma máis fermosa
de ser obsesiva, egoísta e envexoso,
unha obsesión que me arrastra
como o mar arrastra a area.

Quero querer a alguén
e que ese alguén me queira querer.
Quero dar un paso que me leve a outro sitio,
quero tantas cousas sen sentido.

Eu quero unha mirada túa,
eu quero un sorriso teu.

Quero ser o ceo que se reflicte no mar
Quero ser os raios de sol que predominan no
ceo.

Meu amor, eu quérote como ti me queres
non me deixes de querer por outro amor.

Quero que todos os días
o rostro se me ilumine
cun marabilloso sorriso teu.

O amor é querer
e agarimo hai que ter.

Eu querer quéroche ben
e téñoche admiración;
por iso querer queredría
mais non o conseguiría.

De ser así, queres morrer
porque o teu amor faiche padecer.

TAUTOGRAMAS



Durante o curso 2011-2012, o EDL ten pensado facer un libro-CD coas mellores poesías feitas no centro. De momento, e para comezar o traballo, estamos recollendo as composicións que fixeron os rapaces. Cada curso, cada titor e cada profe puxo en marcha as súas mellores ferramentas para animar aos rapaces a crear os seus propios poemas. Como adianto, imos publicar na nosa revista un tautograma que fixo unha rapaza de 3º ESO. Sabedes en que consisten os tautogramas? Non?? Pois animámosvos a que atopedes a vosa resposta lendo esta fermosa composición.

Atardeceres alegres,
amantes ancestrais,
apenas acadan aquel
amorío á aurora.

Afogaron as agonías,
as aves agoirentas
atraen antigos amores
antes apaixonados.

Amor, angustia,
abrázanse algo abraiados.
aquele amencer ambiguo
acariñaba agradables almas.

Anoitece axiña,
agarimos adicados
agardan acariñar
a alguén abatido.

Lucía Saavedra (3º B)

Opinión



A XORNADA ESCOLAR

Tódolos cursos se vota nalgúns centros para ver de implantar a xornada única. No noso centro, mantemos as clases mañá e tarde, a xornada completa ou partida. Nós estudamos na ESO e pensamos que deberíamos ter clases só de mañá, como ocorre nos institutos.

Pensamos que non se escolle a xornada única porque os pais non queren ou non poden ter os seus fillos na casa. Estamos de acordo en que os pais traballan, pero tamén deben ocuparse dos fillos e atendelos. Quizais un servizo de canguraxe despois de comer, idéntico ao da mañá e coas mesmas coidadoras, para aqueles que o necesiten, podería axudar; ou que as actividades extraescolares se fixesen a esa hora e non na hora de comedor.

Parécenos excesivo o tempo que pasamos no colexio; entramos ás 10 horas e logo de 150 minutos de clase só temos un recreo de 20 minutos, antes doutros 100 minutos máis de clase, tralos que toca o timbre para comer e descansar só outros 10 minutos. Aínda non acabamos, porque quedan outros 100 minutos de clase. Logo, algúns rapaces chegan á casa e non poden facer nada máis que merendar, descansar uns minutos e a estudar de novo ata a hora da cea. Os máis pequenos necesitan un tempo de divertimento e os maiores tempo para desconectar e facer outras actividades. Ademais, pola mañá os alumnos están activos, pero pola tarde atópanse cansos e non redenden tanto como deberían.

Os pais deben ter presente a influencia do horario escolar no rendemento do alumno e deberíamos convencelos de que voten a xornada única. Isto permitiríanos ter máis tempo para estudar, dedicarnos ás nosas afeccións, estar cos familiares e, en fin, sentirnos máis a gusto na escola.

(Alumnos de 1º ESO. CPI Cernadas de Castro. Lousame)